



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 15 de xuño de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

19.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO E RÍAS BAIXAS 2017-2019. EXPTE. 6628/104.

Visto o informe de fiscalización do 31/05/17, dáse conta do informe-proposta do 26/05/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de maio de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.	84,70 puntos



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/06/2017 13:05	Páxina 1 de 3
Expediente 6628/104	Código de verificación: 22ED4-43AEA-C282C-A5EB8	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). (Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.4º).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.065,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., o día 12 de maio de 2017, que presenta a documentación requirida o 23 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de maio de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de abril e 5 de maio de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/06/2017 13:05

Páxina 2 de 3

Expediente 6628/104

Código de verificación: 22ED4-43AEA-C282C-A5EB8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 736.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 127.735,54 euros.*
- b) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de VALENCIA:*
 - 3.000 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 4.000 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 4.000 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- c) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de IBIZA:*
 - 1.200 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 1.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 1.200 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- d) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de PALMA DE MALLORCA:*
 - 1.200 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 1.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 1.200 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- e) *Propón 17 enlaces con transbordo semanais dende os aeroportos de VLC, IBZ e PMI nos días en que no opere voo directo, con escala inferior a 150 minutos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

MXLP/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/06/2017 13:05

Páxina 3 de 3

Expediente 6628/104

Código de verificación: 22ED4-43AEA-C282C-A5EB8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>